

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Contratos administrativos

LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE BAR-CAFETERÍA NO CENTRO SOCIAL DO MAR

Rf.A/S/C39-15

ANUNCIO POLO QUE SE PUBLICA A LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO CON UN ÚNICO CRITERIO DE ADJUDICACIÓN (CANON) DOS SERVIZOS DE BAR-CAFETERIA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELLO DE BUEU.

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

Datos xerais e datos para obtención de información.

- a) Organismo: Concello de Bueu.
- b) Órgano de Contratación: Xunta de goberno local
- c) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación do Departamento de Secretaría.
- d) Núm. de expediente: S/C 39-15
- e) Dirección: R. Eduardo Vincenti, núm. 8. Bueu (Casa consistorial/segundo andar)
- f) Procedemento para resolución dúbidas dos pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT): O sinalado na cláusula V dos PCAP
- g) Obtención de documentación e información:
 - Teléfono: 986390029
 - Fax:986322099
 - Correo electrónico: secretaria@concellodebueu.org
 - contratacion@concellodebueu.org (a partir do 21 de setembro)
 - Dirección do perfil de contratante: www.concellodebueu.org
 - Data límite obtención documentación e información: ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas na dependencia que tramita o expediente.



2. OBXECTO DO CONTRATO, PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGAS

- a) Tipo: Administrativo especial
- b) Obxecto: "SERVIZO DE BAR CAFETERIA NO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELLO DE BUEU"
- c) CPV: 55330000-2 (Servizos de cafetería)
- d) Prazo de execución : DOUS (2) ANOS estando previsto o seu inicio na data seguinte á de formalización do contrato en documento administrativo.
- e) Prórrogas: Anuais (máximo 2)
- f) Alcance temporal da explotación do servizo: Vinculado á concesión administrativa de Portos de Galicia a favor do concello de Bueu do espazo do porto de Bueu onde se ubican as instalacións obxecto do contrato.

3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

- a) Tramitación: Ordinaria
- b) Procedemento: Aberto
- c) Criterio de adxudicación: O único criterio a considerar será o canón ofertado, nos termos previstos no art. 150.1 do TRLCSP, entendéndose que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpore o maior canón.

4. CÁNON, FORMA DE PAGO E GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO

- a) IMPORTE ANUAL: Mínimo de 4200.-€ (catro mil douscentos euros/ano)
- b) FORMA DE PAGO: Ingreso semestral. O prazo para o pago de cada un dos semestres será o derradeiro día do primeiro mes de cada período.
- c) Gastos a cargo do adxudicatario. Os previstos na cláusula III.4 dos PCAP.

5. REVISIÓN DE PREZOS

Non procede.

6.- GARANTÍAS ESIXIDAS

- a) Garantía provisional: Exento
- b) Definitiva: 5% do prezo de adxudicación

7. REQUISITOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA

Deberá acreditarse a solvencia económico-financieira e técnica esixible no artigo 146 do TRLCSP relacionada no anverso do modelo de declaración xurada que figura no anexo II dos PCAP en base aos requisitos mínimos de solvencia regulados nos PCAP e no cadro resumo do contrato (anexo I dos PCAP).



8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

- a) Prazo: Durante os 15 días naturais seguintes ao da publicación do anuncio de licitación no BOP.
- b) Lugar de presentación:
 - Dependencia: Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial
 - Horario: oito a catorce horas, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados.
 - Domicilio: R. Eduardo Vincenti, núm. 8. Bueu (Casa consistorial/primeiro andar)

9. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- a) Declaración responsable e documento de aceptación de forma de comunicación/notificación: estes documentos presentaranse de forma independente e fóra do sobre no que se presentará a oferta económica. (Cláusula VII.2.1 dos PCAP)
- b) SOBRE ÚNICO PECHADO: SUBTITULADO (A) “OFERTA ECONÓMICA PARA O SERVIZO DE BAR-CAFETERIA NO CENTRO SOCIAL DO MAR”. No sobre figurará externamente o nome do licitador e, no seu caso, do representante, domicilio social, teléfono, correo electrónico e fax, a efectos de comunicación, así como o título do CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL “SERVIZOS DE BAR-CAFETERÍA NO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DO MAR DO CONCELLO DE BUEU”, e incluírá a documentación que se indica VII.2.2 dos PCAP.

10.- APERTURA DE OFERTAS

En acto público, no salón de plenos da casa consistorial, ás 10 horas do quinto día hábil (non sábado) seguinte ao da terminación do prazo sinalado para a presentación de ofertas. (Cláusula VIII.3 dos PCAP)

11. GASTOS DO ANUNCIO

A cargo do adxudicatario (cláusula III.4 g) dos PCAP): obriga de abono ata un máximo de 1000 euros.

Bueu, a 1 de setembro de 2015.—O Alcalde, Félix Juncal Novas.

